



Asunto: Pronunciamento oficial e urgente da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional sobre a convocatoria de oposicións docentes na nosa comunidade autónoma.

D. JULIO DÍAZ ESCOLANTE, CON D.N.I. núm. 33858617H, con domicilio a efectos de notificacións, en Rúa San Roque 94-98, C.P 27002 LUGO, actuando na súa calidade de Presidente Autonómico e Representante Legal de ANPE

EXPÓN:

- 1.- Que a Consellería que representa ten constancia de que a maioría das comunidades autónomas deste país, catorce en concreto, xa realizaron un pronunciamento oficial de pospoñer os procedementos selectivos para o ano 2021.
- 2.- Que Galicia é unha das tres comunidades sen pronunciamento explícito de celebración das mesmas o que supón un inxusto estado de indefensión e incertidume por parte dos nosos opositores nunha clara desvantaxe co resto dos opositores do estado que ante a complicada situación sanitaria que estamos a vivir saben xa a que aterse.
- 3.- Que a Consellería que vostede representa en ningún momento realizou pronunciamento algún sobre pospoñer ou non as mesmas e toda a información da que dispomos e a que traslada á prensa e medios non oficiais dado que en ningún momento, e como representantes dos traballadores, se nos trasladou postura algunha ou se realizou comunicado oficial por parte do Goberno que vostede representa.

SOLICITA:

Que á maior brevidade posible se comunique aos opositores galegos a postura oficial da Consellería que vostede dirixe para acabar xa dunha vez por todas coa indefensión a que se ven sometidos os opositores galegos nunha clara e inxusta desvantaxe cos do resto do estado, que nestes intres tan complicados coñecen xa a postura oficial das súas correspondentes consellerías.

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2020.

Asdo.: JULIO DÍAZ ESCOLANTE.
PRESIDENTE ANPE GALICIA.

ILMA SRA. CONSELLEIRA DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL.

Edificio Administrativo San Caetano S/N Santiago de Compostela. A Coruña